



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	QUÍMICA		Código	730G03005
Titulación	Grao en Enxeñaría Mecánica			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Castelán/Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Enxeñaría Industrial 2Química Analítica			
Coordinación	Rodriguez Guerreiro, Maria Jesus	Correo electrónico	maria.guerreiro@udc.es	
Profesorado	Fernandez Solis, Jose Maria Gonzalez Soto, Elena Rodriguez Guerreiro, Maria Jesus	Correo electrónico	jose.maría.fsolis@udc.es elena.gsoto@udc.es maria.guerreiro@udc.es	
Web				
Descripción xeral	Materia de formación básica de primeiro curso, na que se imparten os fundamentos da química xeral, inorgánica, orgánica e aplicada á enxeñaría			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A4	Capacidade para comprender e aplicar os principios de coñecementos básicos da química xeral, química orgánica e inorgánica e as súas aplicacións na enxeñaría.
B1	Que os estudantes demostren posuér e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita encontrarse a un nivel que, áinda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudo
B2	Que os estudantes saibam aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como leigo
B5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprenderen estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B6	Ser capaz de concibir, deseñar ou poñer en práctica e adoptar un proceso substancial de investigación con rigor científico para resolver calquera problema formulado, así como de comunicar as súas conclusións ?e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan? a un público tanto especializados como leigo dun xeito claro e sen ambigüidades
B7	Ser capaz de realizar unha análise crítica, avaliaciόn e síntese de ideas novas e complexas
C1	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C2	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C4	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.
C5	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título	
Capacidade para comprender e aplicar os principios de coñecementos básicos da química xeral, química orgánica e inorgánica e as súas aplicacións na enxeñaría.	A4	
Resolver problemas de forma efectiva.	B2	



Aprender a aprender.		B5	
Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.		B7	
Traballar de forma colaboradora.		B4	
Capacidade para encontrar e manexar a información.		B1	
Capacidade de comunicación oral e escrita.		B6	
Positivos fronte a problemas.		B3	
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.			C4
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			C1
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común			C2
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida			C5

## Contidos

Temas	Subtemas
Tema 1.- Conceptos básicos de Química Xeral:	Principios fundamentais de Química. Átomo: modelo mecanocuántico. Táboa periódica e propiedades periódicas. Ligazón química: tipos de ligazón.
Tema 2.- Termoquímica:	Introducción: primeiro principio da termodinámica. Calores de reacción, entalpía. Termoquímica: ley de Hess. Calorimetría. Segundo principio da termodinámica: entropía. Terceiro principio da termodinámica: espontaneidade da reacción.
Tema 3.- Cinética Química:	Velocidade de reacción. Ecuación de velocidade. Determinación de velocidades. Orde de reacción. Teorías das colisiones e do estado de transición. Enerxía de activación. Mecanismos de reacción. Catálisis: catalizadores.
Tema 4.- Equilibrio Químico en fase gasosa:	Natureza do equilibrio químico. Constante de equilibrio: aplicacións. Equilibrios heteroxéneos. Factores que afectan o equilibrio: principio de le Chatelier. Relación entre constantes de equilibrio. Efecto da temperatura sobre a constante de equilibrio.
Tema 5.- Equilibrio acedo-base: .	Definicións acedo-base. Disociación da agua. Concepto de pH: determinación. Disociación de acedos e bases. Propiedades acedo-base das sales. Reaccións acedo-base. Disolucións amortiguadoras. Valoracións acedo-base: indicadores.
Tema 6.- Equilibrios de oxidación-reducción (redox):	Métodos de axuste de ecuacións redox. Fundamentos electroquímicos: pilas galvánicas. Enerxía libre e voltaxe da pila. Ecuación de Nernst. Volumetrías redox.
Tema 7.- Aplicacións da electroquímica:	Pilas comerciais primarias e acumuladores. Pilas de combustible. Celdas electrolíticas. Aplicacións industriais da electrolisis: electrodepositación. Corrosión metálica.
Tema 8.- Príncipios de Análise instrumental:	Química analítica: concepto e división. Clasificación dos métodos de análise cuantitativa. Métodos instrumentais de análise: clasificación. Parámetros de validación dun método analítico. Avaliación de resultados.
Tema 9.- Príncipios de Química Orgánica:	Nomenclatura. Grupos funcionais. Series homólogas. Isomería. Determinación de estruturas moleculares.
Tema 10.- Hidrocarburos saturados, insaturados e aromáticos:	Clasificación. Hidrocarburos saturados: nomenclatura, fontes, sínteses e propiedades. Alquenos e alquinos: estrutura, nomenclatura, síntese e propiedades. Compostos aromáticos: estrutura, nomenclatura, obtención e propiedades. Benceno.



Tema 11.- Outros compostos orgánicos:	Compostos de grupos funcionais con ligazón sinxela: haloxenuros de alquilo, alcois, fenoles, éteres e aminas. Compostos de grupos funcionais con ligazóns múltiples: compostos carbonilo, acedos carboxílicos e os seus derivados.
Tema 12.- Bases da Química Industrial. Balances de materia:	Materias primas que utiliza a industria química. A enerxía na industria química. Os procesos químicos: exemplos. Diagramas de fluxo. Os produtos químicos. Consideracións ecolóxicas e medioambientais.
Tema 13.- Química Orgánica aplicada á enxeñaría:	Carbón. Petróleo. Gas natural. Biomasa. Polímeros naturais e sintéticos.
Tema 14.- Química Inorgánica aplicada á enxeñaría:	Metalurxia. Semicondutores. Materiais de construcción. Síntese industrial dun composto inorgánico (industria do cloruro de sodio).

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Prácticas de laboratorio	A4 B3	10	10	20
Proba obxectiva	A4 B1 B2 B5	8	12	20
Sesión maxistral	A4 C4 C5	30	12	42
Solución de problemas	A4 B2 B4 B5	14	21	35
Seminario	A4 B7 C1 C2	8	4	12
Traballos tutelados	A4 B6 C1	5	15	20
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Prácticas de laboratorio	Lectura comprensiva da práctica. Realizar o traballo experimental. Expor e resolver os cálculos numéricos asociados así como as cuestións que se expoñan. Examinar e valorar os resultados. Redactar e presentar o informe final das prácticas.
Proba obxectiva	Proba escrita divida en duas partes (teórica e de problemas) utilizada para a avaliação da aprendizaxe do estudiante.
Sesión maxistral	Ten unha función expositiva complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudiantes, coa finalidade de trasmitir coñecementos e facilitar o aprendizaxe. O alumno toma apuntamentos, expón dúbdas e cuestións.
Solución de problemas	Metodoloxía levada a cabo en grupo mediano (20 alumnos): presentación e resolución de boletíns de problemas numéricos. O estudiante, de forma individual ou en grupo reducido, expón dúbdas e/ou cuestións, participando de forma activa na aula.
Seminario	Metodoloxía levada a cabo en grupo pequeno (10 alumnos): presentación e resolución de boletíns de exercicios da parte teórica da materia. O estudiante, traballando de forma individual ou en grupo reducido, expón dúbdas e/ou suxestións e participa activamente na aula.
Traballos tutelados	Trátase da realización, en grupos de alumnos, de estudos dirixidos que, cada grupo, debe expor na aula e entregar ao profesor para a súa corrección.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción



Solución de problemas	Na atención personalizada tratarase de emendar posibles deficiencias na formación química previa do estudiante e de resolver dúbidas e cuestións puntuais que, normalmente, impidéñlle o seguimento xeral da materia.
Traballos tutelados	Realizarase un seguimento do traballo do estudiante no laboratorio, tomarse en consideración as súas suxestións e prestaráselle axuda para aclarar as dúbidas.
Prácticas de laboratorio	Nas sesións de solución de problemas e de seminario en grupo pequeno prestaráselles axuda para aclarar conceptos e resolver posibles dúbidas.
Seminario	Na elaboración dos traballos tutelados facilitáráselles a asistencia que precisen para a súa preparación e exposición.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descripción	Cualificación
Proba obxectiva	A4 B1 B2 B5	A metade do cuadrimestre realizarase un exame parcial eliminatorio da materia impartida ata ese momento (teoría e problemas). Ao final do cuadrimestre realizarase un segundo parcial coas mesmas características do primeiro. Realizarase un examen final para os alumnos que no superen a materia por parciais.	70
Solución de problemas	A4 B2 B4 B5	Resolución de boletíns de problemas numéricos, incluíndo así mesmo a resolución de boletíns de exercicios de teoría no Seminario. Valórarse a asistencia do estudiante, a súa participación activa na aula, o seu interese e actitude.	10
Traballos tutelados	A4 B6 C1	Elaboración e presentación en grupo dun traballo tutelado ou dirixido. Valórarse, ademais da presentación, o traballo realizado polos estudiantes en formato Word e as transparencias elaboradas para a súa exposición na aula en formato PowerPoint.	10
Prácticas de laboratorio	A4 B3	Realización, participación activa en cada unha das prácticas e entrega do informe final correspondente. Valórarse o interese e actitude do estudiante.	10

Observacións avaliación
-------------------------



Este apartado indica o que se puntuá en cada metodoloxía. A proba obxectiva describe como é o exame e a puntuación de cada unha das partes de teoría e de problemas. A nota mínima en cada parte do exame (parcial de teoría ou problemas, final de teoría ou problemas) para que se poidan ter en conta as puntuacións das prácticas de laboratorio, solución de problemas e traballos tutelados ha de ser de 3,0 sobre 7,0. Para obter aprobado na asignatura hase de cumplir que a suma das notas da proba obxectiva, prácticas de laboratorio, solución de problemas e traballos tutelados sexa polo menos 5,0.

Ningún dos temas teóricos nin dos problemas propostos no exame parcial poderán deixarse en branco, debendo ser recuperados no exame final con independencia da nota obtida.

Os traballos tutelados, a realizar en grupos de 5 alumnos, constituirán un resumo do tema proposto polo profesor, cunha extensión da orde de 5-6 páxinas en formato Word. Para a súa presentación na aula, elaborarase previamente de 8 a 10 transparencias en formato PowerPoint. Os participantes en cada trabalho deben pertencer ao mesmo grupo pequeno ou mediano da clase.

Todos os grupos que presenten trabalho tutelado nunha determinada sesión, deberán estar presentes na aula desde o principio ata o final da mesma.

Para poder ser cualificado, o estudiante realizará todas as prácticas de laboratorio e participará na elaboración e exposición do trabajo tutelado. Ambas as metodoloxías teñen un carácter obligatorio.

O estudiante que faltase a algúna práctica de laboratorio ou que non superase o exame de recuperación da práctica, en caso de repetir a materia debe volver realizar todas de novo.

Teranse en conta, na medida do posible, as circunstancias dos alumnos repetidores e dos matriculados a tempo parcial.

#### Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"><li>- BERMEJO, F.; PAZ, M.; BERMEJO, A.; PAZ, A. (1996). 1000 Problemas Resueltos de Química General y sus Fundamentos Teóricos. Madrid Paraninfo, S. A.</li><li>- RECLAITIS, G. V. (1991). Balances de materia y energía. México. McGraw-Hill/Interamericana</li><li>- QUIÑOÁ, E.; RIGUERA, R. (2004). Cuestiones y Ejercicios de Química Orgánica. Madrid. McGraw-Hill/Interamericana de España, S. A. U.</li><li>- PÉREZ, J.; SECO, H. M. (2006). Experimentos de Química. Aplicaciones a la vida cotidiana. Badajoz. Filarias</li><li>- VIAN, A. (1999). Introducción a la Química Industrial. Barcelona. Reverté, S. A.</li><li>- SKOOG, D. A.; HOLLER, F. J.; NIEMAN, T. A. (2000). Principios de Análisis Instrumental. Madrid. McGraw-Hill/Interamericana de España, S. A. U.</li><li>- CHANG, R. (2010). Química. México McGraw-Hill- Interamericana</li><li>- SKOOG, D. A.; WEST, D. M.; HOLLER, F. J., CROUCH, S. R. (2001). Química Analítica. México. McGraw-Hill/Interamericana</li><li>- PAZ, M.; CASTRO, F.; MIRÓ, J. (1995). Química I. Madrid. E. T. S. I. I.; U. N. E. D.</li><li>- CABILDO, M. P. (1999). Química Orgánica. Madrid. U. N. E. D.</li><li>- LINSTROMBERG, W. W. (1979). Química Orgánica. Barcelona. Reverté, S.A.</li><li>- MORRISON, R. T.; BOYD, R. N. (1990). Química Orgánica. Addi-Wesley Iberoamericana E. U. A.</li><li>- PRIMO, E. (1994). Química Orgánica Básica y Aplicada. Barcelona. Reverté, S.A</li><li>- PETER, K.; VOLLMARDT, C.; SCHORE, N. E. (2000). Química Orgánica. Estructura y función. Barcelona. Omega.</li><li>- PETRUCCI, R. H.; HERRING, F. G.; MADURA, J. D.; BISSONNETTE, C. (2011). Química General. Principios y Aplicaciones Modernas . Madrid. Pearson Educación, S. A.</li></ul>
---------------------	--



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"><li>- SOLOMON, T. W. G. (1999). Fundamentos de Química Orgánica. México. Limusa Noriega</li><li>- <a href="http://clhorella.cdf.udc.es">http://clhorella.cdf.udc.es</a> (2003) . .</li><li>- LÓPEZ, J. A. (2000). Problemas de Química General. Cuestiones y Ejercicios. Madrid. Pearson Educación-Prentice Hall</li><li>- WITTCOFF, H. A.; REUBEN, B. G. (1997). Productos Químicos orgánicos industriales. México. Limusa</li><li>- RUSSELL, J. B.; LARENA, A. (1994). Química. Madrid. McGraw-Hill</li><li>- BERMEJO, F.; BERMEJO, P.; BERMEJO, A. (1991). Química Analítica General, Cuantitativa e Instrumental. Madrid. Paraninfo, S. A.</li><li>- SECO, H. M.; PÉREZ, J.; FERNÁNDEZ, J. M. (2010). Química de la Vida en Ejercicios Resueltos. Badajoz. Filarias</li><li>- COTTON, F. A.; WILKINSON, G. (1991). Química Inorgánica Básica. México. Limusa</li><li>- BONNER, W. A.; CASTRO, A. J. (1981). Química Orgánica Básica. Alhambra Universidad</li><li>- VEGA, J. C. (2000). Química Orgánica para estudiantes de Ingeniería. México. Alfaomega.</li><li>- WILLIS, C. J. (1993). Resolución de Problemas de Química General. Barcelona. Reverté, S. A.</li><li>- GONZALEZ, J. A. (1984). Teoría y Práctica de la Lucha contra la Corrosión. Madrid. C. S. I. C. (C. E. N. I. M.)</li><li>- OROZCO, C.; GONZÁLEZ, M. N.; PÉREZ, A. (2011). Problemas Resueltos de Química Aplicada. Madrid. Paraninfo, S. A.</li><li>- FERNÁNDEZ, J. M.; PÉREZ, J.; SECO, H. M. (2012). Estadística Sencilla para Estudiantes de Ciencias. Madrid. Síntesis, S. A.</li><li>- ROSENBERG, J.; EPSTEIN, L.; KRIEGER, P. (2014). Química. México. McGraw-Hill Education</li><li>- SKOOG, D. A.; WEST, D. M.; HOLLER, F. J., CROUCH, S. R. (2005). Fundamentos de Química Analítica. Madrid. Thomson</li><li>- VALE, J.; FERNÁNDEZ, C.; PIÑERO, M.; ALCALDE, M.; VILLEGRAS, R.; VÍLCHES, L.; NAVARRETE, B.; GARCÍA, (2004). Problemas Resueltos de Química para Ingeniería. Madrid. Thomson</li></ul> <p>&lt;br&gt;</p>
-----------------------------	--

#### Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

CÁLCULO/730G03001

EXPRESIÓN GRAFICA/730G03002

FÍSICA I/730G03003

INFORMÁTICA/730G03004

ÁLGEBRA/730G03006

#### Materias que continúan o temario

CIENCIA DOS MATERIAIS/730G03007

TERMODINÁMICA/730G03014

ENXEÑARÍA MEDIOAMBIENTAL/730G03017

ENXEÑARÍA DOS MATERIAIS/730G03030

#### Observacións

Dado que se trata dunha materia que se imparte no primeiro cuatrimestre do primeiro curso da carreira, é imprescindible que o estudiante manexe con soltura conceptos e coñecementos básicos de Matemáticas, Física e Química do bacharelato. Previamente a cursar a materia considérase de gran importancia coñecer a nomenclatura química (é dicir, nomear e formular os elementos químicos, compostos inorgánicos e orgánicos más comúns).

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías